

**ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE NAIS, PAIS (ANPA) DO CEIP Eduardo Pondal,
Ponteceso.**

CAPITULO I

DA ASOCIACIÓN EN XERAL

DENOMINACIÓN, FINS, DOMICILIO, ÁMBITO:

Artigo 1º.

Coa denominación ASOCIACIÓN DE NAIS, PAIS (ANPA) DO CEIP EDUARDO PONDAL procédese a modificar os Estatutos, ao amparo da Lei Orgánica do Dereito á Educación 8/1985 e da Lei Orgánica 1/2002 do 22 de Marzo e complementarias e demais leis e disposicións complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

Artigo 2º.

Esta Asociación constitúese por tempo indefinido.

Artigo 3º.

Terá como fins os seguintes:

- a) Asistir ás nais, pais e titores en todo o que se refire á educación das súas fillas/fillos e pupilos
- b) Colaborar nas actividades educativas e escolares do centro educativo.
- c) Promover a participación das nais e pais dos alumnos na xestión do centro.
- d) Asistir ás nais e pais dos alumnos no exercicio do seu dereito a intervir no control e xestión do centro.
- e) Facilitar a representación das nais e pais de alumnos no Consello Escolar do centro.
- f) Estimular a participación das nais e pais de alumnos na programación xeral da ensinanza a través do órgano colexiado correspondente.

g) Fomentar as relacións de cooperación do centro con outros establecementos escolares e os sectores sociais e culturais do entorno.

h) Promover a plena realización do principio de gratuidade no ámbito do Centro, así como a efectiva igualdade de dereitos de todo o alumnado sen discriminación por razóns socioeconómicas, ideolóxicas, confesionais, etnia ou xénero.

i) Requirir aos poderes públicos o cumprimento das leis, actuación e plans de actuación relativos á educación, acadando a atención e axudas que esta merece.

l) Fomentar o idioma e a cultura galega, promover actividades formativas e de estudio e a educación en valores.

m) Promover reunións de colaboración das nais e pais co profesorado e as boas relacións entrambos.

n) E todos aqueles outros non recollidos nos estatutos e que sexan conformes á lei.

Artigo 4º.

Para o cumprimento destes fins realizaranse todas aquelas actividades formativas, culturais e de estudio e reunións con todos os sectores da comunidade educativa e todas aquelas outras tendentes a cumprir os fins sinalados e que sexan conformes á lei e decididas polos órganos competentes.

Artigo 5º.

a). Para a realización das actividades que lle son propias, a ANPA utilizará os locais do centro, a cuxo efecto a/o Directora/or facilitará a

integración de ditas actividades na vida escolar tendo en conta o normal desenvolvemento da mesma. Asemade, utilizará unha aula do Edificio das Escolas cedida polo Concello de Ponteceso.

b). A efectos da utilización dos locais do centro educativo á que se refire o apartado anterior será necesaria a previa comunicación da

Xunta Directiva da asociación á dirección do centro escolar e á persoa responsable no concello.

Artigo 6º.

Para o mellor cumprimento dos fins esta Asociación poderá integrarse nunha federación de ANPAs.

Artigo 7º.

O ámbito da Asociación alcanzará todos os concellos onde resida o alumnado deste centro e o seu domicilio fíxase no CEIP Eduardo Pondal.

CAPÍTULO II

DAS/OS SOCIAS/OS

Artigo 8º.

Poderán ser membros da Asociación todas as nais e pais ou titores maiores de idade, dos alumnos que cursan estudos no CEIP Eduardo Pondal.

Artigo 9º.

Serán dereitos das socias e socios:

- a) Elixir e ser elixible para todas as funcións representativas da Asociación.
- b) Ter voz e voto nas reunións da Asociación.
- c) Tomar parte en todas as actividades da Asociación e utilizar os servizos que poidan establecerse en beneficio das persoas asociadas.
- d) Dirixir peticións e propor iniciativas aos Órganos de Goberno da Asociación.
- e) Acadar e recibir da Xunta Directiva tanta información precisen sobre a xestión asociativa.

f) Asistir a todas as reunións e actos convocados pola Xunta Directiva.

g) Colaborar activamente no cumprimento dos fins da Asociación e na execución e eficacia dos mesmos.

Artigo 10º.

Serán deberes das socias e socios:

a) Observar e cumprir os estatutos da Asociación e os acordos da Asemblea.

b) Contribuír economicamente ao sostemento da Asociación na forma e modo en que se estableza na Asemblea Xeral.

Artigo 11º.

Causará baixa na Asociación:

a) Por petición da/o interesada/o.

b) Por baixa das fillas/fillos matriculados no Centro.

c) Por falta de pagamento de 1 cota anual mediando obrigatoriamente un apercibimento previo da Xunta Directiva.

d) Por incumprimento dos Estatutos.

e) Pola utilización da Asociación con fins alleos aos específicos da mesma.

Para excluír a calquera socia/o polas causas do apartado d) e e) do anterior artigo, deberá abrirse un expediente pola Xunta Directiva no que se sinalarán detalladamente os feitos que orixinan a expulsión. Así mesmo deberase oír á propia persoa expedientada que poderá presentar un prego de descargo alegando o que considere conveniente na súa defensa e que se unirá ao expediente que estudará a Xunta Directiva e propondrá a decisión que considere oportuna. Se se optase pola expulsión, presentaraa na vindeira Asemblea Xeral que, despois de oír á Xunta Directiva mais á/ao Socia/o, se o solicita, tomará unha decisión que será inapelable.

CAPÍTULO III

DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 12º.

A Asociación estará representada e administrada por unha Xunta Directiva formada por:

- Presidenta/e
- Vicepresidenta/e,
- Secretaria/o,
- Administradora/or-Tesoureiro/a
- De un a oito vogais.

Todos os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos. Estes serán designados e revocados pola Asemblea Xeral Ordinaria ou Extraordinaria e o seu mandato terá unha duración de dous anos, renovándose a partires do segundo ano, cada ano a metade dos membros.

Artigo 13º.

As persoas, membros da Xunta Directiva que esgotaran o prazo para o que foron escollidas, continuarán ostentando os seus cargos até o momento no que se produza a aceptación das persoas que os van substituír.

Artigo 14º.

A elección de membros da Xunta Directiva pola correspondente asemblea, será polo procedemento de listas abertas.

Artigo 15º.

A Xunta Directiva elixirá de entre os seus membros os cargos correspondentes.

Artigo 16º.

As vacantes que se puideran producir por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, ou por incumprimento das obrigas inherentes ao cargo, poderán cubrirse provisionalmente por membros que designe a Xunta Directiva até que se celebre a primeira reunión da Asemblea Xeral.

Artigo 17º.

A Xunta Directiva reunirase todos os meses do curso escolar e ademais sempre que sexa convocada pola súa/seu Presidenta/e.

Tamén deberá reunirse, a petición dun terzo da totalidade dos seus compoñentes.

Quedará validamente constituída cando asista a metade mais un dos seus membros e, para que os seus acordos sexan válidos, deberán ser tomados pola maioría dos votos correspondentes aos presentes.

No caso de empate, o voto da/o presidenta/e será de calidade para deixar sen efecto o empate.

Artigo 18º.

As facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral, a todos os actos propios das finalidades da Asociación, sempre que non requiran, segundo estes Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral.

Son facultades particulares da Xunta Directiva:

- a) Dirixir as actividades da Asociación e levar a xestión económica e administrativa, acordando realizar os oportunos actos e contratos.
- d) Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- c) Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral os balances, contas e programa anual das actividades.
- d) Resolver sobre a admisión de socias/os se fose necesario.

e) Nomear as persoas delegadas para algunha determinada actividade da Asociación.

f) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea e sexa conforme segundo a lei.

Artigo 19°.

A/O Presidenta/e terá as seguintes atribucións: Representar legalmente á Asociación ante toda clase de Organismos Públicos ou privados. Convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva; ordenar pagos e firmar xunto co Administradora/or-Tesoureira/o os libramentos, cheques, etc.; recibir en nome da Asociación calquera cantidade provinte de subvencións de Entidades Públicas e/ou privadas; autorizar coa súa firma os documentos, actas e correspondencia da Asociación; adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconsella, ou no que o desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou adecuada, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva; asumirá tamén, en todo caso, todas as facultades que a Lei establece.

Artigo 20°.

A/O Vicepresidenta/e será a/o encargada/o das substitucións da/o Presidenta/e en ausencia desta/e, motivada por enfermidade ou calquera outra causa, e terá as mesmas atribucións que esta/e. A/O Presidenta/e poderá delegar nesta/e as súas competencias para a atención ou xestión de asuntos determinados ou un conxunto dos mesmos, previa conformidade da Xunta Directiva.

Artigo 21°.

A/O Secretaria/o terá ó seu cargo a Dirección dos traballos administrativos da Asociación, expedirá certificacións, levará os Libros da Asociación legalmente establecidos e custodiará a documentación da Entidade.

Atenderá as comunicacións internas, facendo que se cursen as comunicacións sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais, cumprimento nos correspondentes rexistros, así como a presentación das contas anuais e do programa de actividades e o cumprimento das obrigas documentais, nos

termos que legalmente correspondan; ademais velará pola conservación dos locais sociais e gardará o selo da Asociación.

Artigo 22º.

A/administradora/or- Tesoureira/o estará encargada de recadar e conservar os fondos e bens da Asociación. Levará o Libro de Caixa e de socios/os e firmará os libramentos de fondos xunto ca/o Presidenta/e; elaborará o proxecto do orzamento que a Xunta Directiva debe presentar ante a Asemblea Xeral e preparará as contas que deban someterse a dita Asemblea.

Artigo 23º.

As/Os Vocais terán as obrigas propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva e poderán recibir por acordo desta o encargo de presidir ou coordinar grupos de traballo así como a execución de encargos, comisións, representacións e outras tarefas que pola Xunta Directiva lle fosen encomendadas.

Artigo 24º.

As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva serán cubertas provisionalmente entre ditos membros até a elección definitiva pola Asemblea Xeral.

Artigo 25º.

Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia Xunta acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de acadar delas as informacións necesarias. Formarán parte das ditas comisións o número de asociados que acorde a Xunta Directiva, a proposta dos seus respectivos presidentes.

Artigo 26°.

A Asemblea Xeral é o órgano supremo e soberano da Asociación e estará integrada por todas as/os socias/os. A/ O presidenta/e e a/o secretaria/o da asemblea serán o presidente e o secretario da XuntaDirectiva.

Artigo 27°.

As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias.

A ordinaria celebrarase obrigatoriamente unha vez ó ano, dentro dos catro meses seguintes ao peche do exercicio e nela proporase a aprobación das contas e orzamentos e o programa xeral da actuación social. Tamén nela se procederá á elección de membros da Xunta Directiva cando corresponda por imperativo estatutario.

As extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo da/o Presidenta/e, cando a Xunta Directiva o acorde ou cando o pida ou solicite formalmente por escrito un terzo de asociadas/os.

Artigo 28°.

As convocatorias das Asembleas Xerais realizaranse por escrito (en formato papel ou correo electrónico) expresando o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día con expresión concreta dos asuntos a tratar. Entre a convocatoria dunha Asemblea Xeral ordinaria e o día sinalado para a celebración de dita asemblea, en primeira convocatoria, haberán de mediar ao menos 7 días, podendo así mesmo facerse constar a data e hora en que se reunirá a asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poida mediar un prazo inferior a media hora. Entre a convocatoria dunha Asemblea Xeral Extraordinaria e o día sinalado para a celebración de dita asemblea, en primeira convocatoria, haberán de mediar ao menos 24 horas.

Artigo 29°.

As Asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela a

maioría das persoas asociadas e en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de persoas asociadas presentes.

Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen ós negativos non sendo computables a estes efectos os votos en branco nin as abstencións.

Artigo 30°.

Será necesario o voto favorable dos dous terzos das persoas asociadas presentes na asemblea para adoptar as seguintes decisións:

- a) Disposición e Enaxenación dos Bens.
- b) Solicitud de Declaración de Utilidade Pública da Asociación.
- c) Integración en Federacións.
- d) Modificación Estatutaria.
- e) Disolución da Asociación.

CAPÍTULO IV

RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 31°.

Os recursos económicos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

- a) As cotas de socias/os periódicas ou extraordinarias que serán determinadas pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva.
- b) As subvencións, legados, herdanzas ou doazóns que puidera recibir de forma legal e que sexan aceptados tanto que proveñan de persoas físicas ou xurídicas.

c) Calquera outro recurso de procedencia lícita.

Artigo 32°.

A Asociación carece de patrimonio fundacional. O patrimonio social que se vaia constituíndo estará composto por todos os bens que se adquiren para a realización dos fins sociais. A súa administración corresponde á Xunta Directiva.

Artigo 33°.

O exercicio asociativo e económico coincidirá co inicio e finalización do curso escolar que fixe a Administración Educativa para cada ano académico.

CAPÍTULO V

DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 34°.

O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos, como o procedemento de elección dos membros da Xunta Directiva e o procedemento disciplinario, e non pode ir en ningún caso en contra do estipulado neles. Deberá ser sometido á aprobación da Asemblea de Socios.

En todo caso, o funcionamento interno da asociación estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil.

CAPÍTULO VI

MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA

ASOCIACIÓN

Artigo 35°.

Os presentes estatutos só poderán ser modificados por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto, adoptado

polas 2/3 partes dos asociados. A proposta de convocatoria deberá ir acompañada do texto das modificacións propostas.

Artigo 36°.

Esta Asociación disolverase voluntariamente cando así o acorden a Asemblea Xeral Extraordinaria convocada a tal efecto e por acordo dunha maioría de dous terzos das persoas asociadas.

Artigo 37°.

Acordada a disolución, a Asemblea Xeral extraordinaria designará tres asociadas/os liquidadoras/es, que xunto a/e presidenta/e e a/o tesoureira/o, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

Artigo 38°.

O haber resultante unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra asociación non lucrativa e inscrita na comunidade autónoma.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da asociación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo cando non estea previsto nos presentes Estatutos aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, así como a Lei Orgánica 8/1985 reguladora do Dereito á Educación do 3 de Xullo de 1985 e demais disposicións específicas da aplicación provenientes da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Dereito Estatal Supletorio en ausencia do autonómico segundo dispón a constitución española.

DILIXENCIA FINAL PARA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS

Dona Carmen Pombo Pose, na súa calidade de secretaria da

ANPA do CEIP Eduardo Pondal de Ponteceso fai constar que os presentes estatutos foron modificados por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o 23 de novembro de 2016

Ponteceso, 23 de novembro de 2016

Asdo:

Vº. e Prace

Carmen Pombo Pose

Susana Álvarez Mato

Secretaria da ANPA
da ANPA

Presidenta

DNI: 34898431W
79317695X

DNI: